

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSERVACION, MANTEMENTO E REPARACION DAS ACTUACIÓNS DE "MELLORA DA MOBILIDADE E A ACCESIBILIDADE NO ENTORNO DO PORTO DE PALMEIRA".**

Santiago de Compostela, a 27 de decembro de 2021.

Dunha parte, Susana Lenguas Gil, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial EPE Portos de Galicia EPE Portos de Galicia, na súa calidade de Presidenta, cargo para o que foi nomeada por Decreto 80/2019, do 11 de xullo (D.O.G. do 12 de xullo), con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de EPE Portos de Galicia (D.O.G. do 14.12.2017).

Doutra parte, D. Manuel Ruíz Rivas, Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza do Concello, s/n, 15960 Ribeira, A Coruña, facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.I.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

### **EXPOÑEN**

O Concello de Ribeira, en base a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está interesado na remodelación da fachada marítima na zona da poboación municipal de Palmeira.

O Concello de Ribeira foi beneficiario de fondos europeos FEDER a través da selección da estratexia DUSI (Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostenible) "Más Riveira Atlántica2020" por parte do Ministerio de Facenda e Función Pública na 1ª Convocatoria (BOE nº 301 de data 14/12/2016).

Pois ben, dentro dos obxectivos ou liñas de actuación enmarcadas en dita Estratexia, figura a necesidade da "Mellora da mobilidade e a accesibilidade no entorno do Porto de Palmeira".

Con este obxectivo o concello de Ribeira elaborou unha proposta preliminar para a reurbanización do borde litoral do acceso portuario, polo importe de 383.392,99 €, do que lle deu coñecemento a Portos de Galicia.

Por outra banda, Portos de Galicia, a través Fundación RIA, elaborou no ano 2020 unha proposta para a reordenación urbanística integral dos espazos do porto de Palmeira.

De acordo cos criterios de esta proposta o concello de Ribeira adaptou o seu documento preliminar, a través da adxudicación realizada ao estudo ENURCOIN S.L. (Engineering Urban Consultants International S.L.), o cal presenta un proxecto vangardista, cunha ampliación da sección do paseo existente dotando de maior seguridade o tránsito peonil, cun orzamento de licitación de 846.990,61 € IVE engadido.



Esta remodelación permitirá satisfacer as seguintes necesidades:

- Dotar a zona de materiais resistentes e duradeiros, diminuindo o mantemento e conseguindo unha maior durabilidade e mellora calidade.
- Ampliación da zona peonil.
- Dotar de zona de estancia e vista ao mar co graderío.
- Calmado de tráfico cos pasos de peóns elevados.
- Mellora da mobilidade.
- Pacificación do tráfico.

No propio proxecto que se achega a este convenio, pode observarse con maior claridade a descrición antes exposta.

Así a solución planteada consiste principalmente na humanización, modernización, dotación de equipamentos do paseo marítimo de Palmeira mediante a ordenación dos espazos atendendo ás necesidades actuais e futuras, ampliando a plataforma existentes con seu máximo aproveitamento.

Sendo de gran necesidade para a poboación de Palmeira dispor dunha infraestrutura como esta, xa que o estado actual do paseo marítimo do contorno do Porto de Palmeira, non cumpre coas necesidades dunha poboación de preto de 3.000 habitantes, pois a solución formulada consiste principalmente na humanización, modernización e dotación de equipamentos ampliando a plataforma existente, mellorando a interrelación entre o porto e a vila de Palmeira; téndose a este efecto modificado o proxecto inicial das obras obxecto deste convenio conforme ás directrices da EPE Portos de Galicia.

As partes considerando o interese común coincidente na actuación descrita, están interesadas na formalización dun convenio de colaboración.

Neste sentido, ademais do orzamento de licitación do proxecto construtivo elaborado polo concello de Ribeira, considérase que pode ser necesario abordar unha serie de actuacións adicionais que, debido ás súas posibles afeccións ambientais e necesaria tramitación neste sentido, non poden quedar agora definidas, e polo tanto se contemplan como causas de posible modificación do contrato de obras a executar de motu propio por Portos de Galicia, de xeito que para os efectos do recolleito no artigo 204 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Pública, serán causas de modificación a recoller no prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación das obras. O importe estimado destas posibles modificacións é o 20% do contrato.

No artigo 8 da devandita Lei 6/2017 dispónse que entre as funcións que asumirá Portos de Galicia está o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación portuaria e a construción portuaria.

A EPE Portos de Galicia dependente da Consellería do Mar da Xunta de Galicia segundo o artigo 8 da súa Lei 6/2017, ten por obxecto o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións. Con este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora permanente das



instalacións e servizos portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos e en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia, así como a ordenación e instrumentación dos sistemas de interconexión dos portos coas vilas.

En cumprimento do seu obxecto e funcións, Portos de Galicia aborda á marxe deste convenio a execución das obras.

Esta actuación suporá un efecto positivo tanto para a vila coma tamén para o porto, xa que esta infraestrutura ofrecerá un servizo engadido aos usuarios e ó medio ambiente ao ser unha actuación de carácter sostible e resultará beneficiosa para a explotación portuaria das instalacións do porto de Palmeira no termo municipal de Ribeira.

Sinérxicamente á actuación propia de Portos de Galicia de execución destas obras, e dado o efecto positivo inducido para a vila, o Concello ten interese en establecer o acordo para a conservación e mantemento desta obra e dado que estas instalacións obxecto da obra de mellora de accesibilidade, pola súa funcionalidade están abertas ó público en xeral, Portos de Galicia e o Concello de Ribeira teñen interese en estreitar a ordenación de tráfico e a vixilancia nesas áreas e no conxunto do recinto portuario.

Por todo isto, as Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución das actuacións descritas e que discorren polo dominio público portuario, formalizando o presente convenio con arranxo ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

O obxecto do presente convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de Ribeira e Portos de Galicia no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario para a conservación, mantemento e reparación das obras de remodelación da fachada marítima do porto de Palmeira, no Concello de Ribeira conforme ao proxecto de obras "Mellora da mobilidade e a accesibilidade no contorno do Porto de Palmeira", que forma parte deste convenio como ANEXO.

### **SEGUNDA. COMPROMISOS DE PORTOS DE GALICIA**

Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

- 1.- Autorizará ao Concello de Ribeira para a intervención nos terreos que ocupan as obras para o cumprimento das súas obrigas derivadas deste convenio.
- 2.- Nin a anterior autorización, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio, supoñen alteración da titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios de xestión e explotación afectados vinculados aos fins portuarios, manténdose a prevalencia da competencia portuaria.

### **TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE RIBEIRA**



Coa sinatura do presente convenio, O Concello obrígase á:

1.- O Concello expedirá todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras, sen tributo, prezo ou exacción reguladora algunha contra Portos de Galicia-Administración autonómica e co réxime urbanístico axeitado.

2.- Unha vez rematadas as obras de "Mellora da mobilidade e a accesibilidade no contorno do Porto de Palmeira", Portos de Galicia procederá á recepción das obras, tal recepción será comunicada ao Concello Ribeira e significará a execución automática das obrigas asumidas polas partes ao abeiro deste Convenio. A tal efecto a recepción sen protesta da devandita comunicación supón o recoñecemento do bo estado das obras.

3.- O Concello de Ribeira comprométese ao aboamento de tódolos gastos relativos ao mantemento e reparación das instalacións portuarias afectadas a este convenio, conforme as condicións establecidas no proxecto de obras que define a súa execución.

- a. As obrigas de conservar y manter as obras obxecto deste convenio, implican a carga de executar a actividade de atender a que estas permanezan, se conserven, sen destruírse e se manteña a súa capacidade operativa, conforme ao estándar de calidade e de funcionamento operativo que lle son propios e polo tempo programado do seu funcionamento.
- b. Esta obriga integra a execución das reparacións e reposicións puntuais das obras e elementos que as conforman, caso fortuíto ou por actos e danos de terceiros.
- c. Na conservación e mantemento e reposición dos elementos que se inclúen no convenio tendo en conta a natureza dos terreos da zona de dominio público portuaria, deberanse velar porque os procedementos construtivos de conservación e mantemento sexan axeitados ao aforro enerxético e ás medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano ás persoas, edificacións e instalacións existentes.
- d. A execución de obras non contempladas no presente convenio, calquera modificación das instalacións e elementos, así como, calquera modificación das actuacións durante a xestión das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia, a través da comisión de seguimento.
- e. As actuacións contempladas nestas cláusula, unha vez executas quedarán incorporadas ás instalacións por accesión. Portos de Galicia poderá supervisar a execución destas obras e actuacións, por canto ás súas competencias se refire.
- f. A propiedade de cantas obras e elementos de todo tipo se incorporen ás instalacións obxecto deste convenio na parte en que son executadas en dominio público portuario, corresponderá a Portos de Galicia, gratuitamente e libre de cargas e gravames, quedando estas, de pleno dereito e por efecto directo deste convenio, incorporadas ao tal dominio público portuario de Palmeira, adscrito para a súa xestión a Portos de Galicia.



- g. Á realización das labores de limpeza diaria da zona obxecto do convenio, á instalación de contenedores axeitados á normativa e á retirada de refugallos a cargo do concello.

4.- A prestar auxilio e colaboración na vixilancia das instalacións portuarias de Palmeira no seu conxunto, denunciando ante a EPE Portos de Galicia as posibles infraccións portuarias, para o que remitirá en tempo e forma a Portos de Galicia os correspondentes boletíns de denuncia debidamente cumprimentados por axente de autoridade, e a colaborar na ordenación do tráfico no espazo de zona portuaria que se identifica en plano anexo, retirando sen custe para Portos de Galicia os vehículos que infrinxan as normas de circulación por medio do servizo de grúa municipal, e sen que isto implique cesión de competencia ou patrimonial de ningún tipo, manténdose de forma prevalente tódalas facultades que pola súa condición de dominio público portuario ostenta Portos de Galicia, sobre as instalacións obxecto deste convenio, especialmente a facultade sancionadora en materia de tráfico e circulación vial no espazo portuario

5.- A intervención do Concello de Ribeira nos terreos de dominio público portuario obxecto do presente documento non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia, nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens obxecto do convenio.

#### **CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Dentro do prazo de quince días a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

Serán funcións desta comisión:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo aquelas actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do presente convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

A Comisión de seguimento estará integrada por dous vogais, un nomeado polo Concello de Ribeira, e outro nomeado pola EPE Portos de Galicia.

#### **QUINTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL**

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas, cumprir coas obrigas legais que como empregadores lles correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio; deste xeito, a subscripción do convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes e os profesionais e empresas que por conta destas desenvolvan as actividades obxecto do convenio, excluíndo a



posibilidade de esixir responsabilidades directas, indirectas ou subsidiarias polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

## **SEXTA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS**

1.- Fronte a terceiros: Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, o Concello de Ribeira responderá dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio deste convenio, perante a súa duración e ata a súa liquidación definitiva.

2.- A responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Ao abeiro do dito artigo 33.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle á EPE Portos de Galicia. En todo caso, o Concello de Ribeira terá a audiencia nos procedementos administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial que se tramiten ao abeiro do previsto nesta cláusula.

## **SÉTIMA. PUBLICIDADE**

En canto á publicidade, procederá de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior, o Concello de Ribeira e a EPE Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

## **OITAVA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.**

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia da EPE Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción do convenio:

- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.



Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumplimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa conlevará a indemnización dos prexuízos causados, que taxaranse contraditoriamente polas partes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente da resolución do convenio.

3.- No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

- Remataranse con cargo á financiación pactada e conforme ás obrigas asumidas neste convenio por cada parte, as obras orzamentadas e xa iniciadas que aínda estean sen rematar.
- En todo caso con carácter previo á súa liquidación as partes poderán aprobar, a proposta da comisión de seguimento, a finalización de todas as actuacións fixando un prazo improrrogable para terminalas.

4.- Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

## **NOVENA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten carácter administrativo e o desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, polas normas da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e demais normativa portuaria, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo, e no seu defecto polas normas do ordenamento civil.

O convenio está excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta Lei 6/2017 para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no seu artigo 4.

## **DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-**

O artigo 49.h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, establece a duración máxima dos convenios en catro anos agás que normativamente se prevea un prazo superior. Este fundamento normativo, para o prazo superior deste convenio, está constituído polo artigo 57.5 da Lei sectorial 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, que ampara este tipo de convenios durante o tempo que sexa preciso. Neste caso



dada o obxecto e finalidades das obras o tempo preciso establécese no dito período de 15 anos, tendo en conta os efectos no tempo das relacións xurídicas dimanantes do convenio.

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, estendendo a súa vixencia por un período de 15 anos, que poderá ser obxecto dunha prórroga por un prazo de cinco anos máis.

No caso de extinción anticipada por causa de incumprimento dalgunha das partes, estarase ao previsto na cláusula Novena.

Esta vixencia se computará desde a data de sinatura pola última parte en realizala.

#### **UNDÉCIMA.- MODIFICACION DO CONVENIO.**

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

En Santiago de Compostela na data de sinatura electrónica por todas as partes.

**O PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA      O      ALCALDE-PRESIDENTE      DO  
CONCELLO DE RIBEIRA**

-Susana Lenguas Gil-

-Manuel Ruiz Rivas-